



CERTIFICACIÓN

D.^a ANA VELO RUIZ SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA).

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria realizada o día 03-11-2020, adoptou o seguinte acordo:

<<6.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO LÁMPADAS LED NOS LUGARES DE A BOUZA, PURREI, ARDEÓN E OUTROS. POS+2019

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 29.10.2020, que literalmente di:

“Asunto: ADXUDICACIÓN DO SUBMINISTRO DE LÁMPADAS LED NOS LUGARES DE A BOUZA, PURREI, ARDEÓN E OUTROS. POS+2019

Nº Expediente: 2019/C005/000002

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local de data 17.07.2020 foi aprobado o expediente e o Prego de Cláusulas Administrativas particulares para a adxudicación do contrato de subministro denominado “Subministro de lámpadas led nos lugares de A Bouza, Purrei, Ardeón e outros”, por procedemento aberto simplificado, e así mesmo autorizouse o gasto que supón a súa adxudicación.

Con data 20.07.2020 publicouse a licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público.

No prazo de presentación de ofertas recibíronse as proposicións das seguintes empresas:

Nº. OFERTA	LICITADOR	DATA E HORA PRESENTACIÓN
1	ALGAMAR 2012 SLL	04-08-2020 22:59
2	INSTALACIONES Y MANTENIMIENTOS MAGAR, SL	31-07-2020 12:20
3	JOSE LUIS MARTINEZ RIVAS	04-08-2020 23:03
4	SONEPAR IBÉRICA SPAIN, S.A.U.	03-08-2020 15:33
5	TELEMOVIL FERROL S.L.	03-08-2020 15:49

A Mesa de contratación nas reunións de datas 18 e 26 de agosto e 3 de setembro de 2020 valorou as ofertas da seguinte maneira:

- 1.- Apertura dos sobres de todas as empresas presentadas, resultando admitidas, unha vez comprobado que a documentación é correcta.
- 2.- A Mesa acorda remitir a documentación coas ofertas ao enxeñeiro técnico industrial D. Jesús Mallo Puga para os efectos de emitir o correspondente informe de valoración das propostas cuxa ponderación depende dun xuízo de valor.



3.- De conformidade co informe de valoración emitido por D. Jesús Mallo Puga con data 01.09.2020 en calidade de asesor técnico externo, a Mesa acorda outorgar a seguinte puntuación ás proposicións técnicas (arquivo A) de acordo cos criterios establecidos no PCAP:

Nº. OFERTA	LICITADOR	PUNTUACIÓN CRITERIOS TÉCNICOS
1	ALGAMAR 2012 SLL	15
2	INSTALACIONES Y MANTENIMIENTOS MAGAR, SL	17
3	JOSE LUIS MARTINEZ RIVAS	21
4	SONEPAR IBÉRICA SPAIN, S.A.U.	21
5	TELEMOVIL FERROL S.L.	18

4.- Da apertura dos sobres B despréndense as seguintes proposicións,

LICITADOR	Oferta económica (sin IVA)	Incremento prazo garantía
ALGAMAR 2012 SLL	22.392,26	8 años
INSTALACIONES Y MANTENIMIENTOS MAGAR, SL	24.445,00	8 años
JOSE LUIS MARTINEZ RIVAS	28.938,00	5 años
SONEPAR IBÉRICA SPAIN, S.A.U.	22.715,00	3 años
TELEMOVIL FERROL S.L.	26.966,50	3 años

5.- O Licitador JOSE LUIS MARTINEZ RIVAS non se compromete a levar a cabo durante a execución do contrato polo menos unha das condicións especiais de execución que se detallan na cláusula 23 del PCAP, en consecuencia a Mesa acorda non admitir a oferta, quedando este licitador excluído da licitación.

6.- Unha vez valoradas as ofertas económicas das empresas admitidas, de acordo coa fórmula elaborada para a Deputación Provincial da Coruña pola Facultade de Matemáticas da USC, e valorado así mesmo o incremento do prazo de garantía de acordo cos criterios contidos no PCAP, resulta a seguinte puntuación:

LICITADOR	Oferta económica	Puntuación oferta económica	Incremento prazo garantía	Puntuación incremento prazo garantía
ALGAMAR 2012 SLL	22.392,26	50,00	8 años	25,00
INSTALACIONES Y MANTENIMIENTOS MAGAR, SL	24.445,00	45,53	8 años	25,00
SONEPAR IBÉRICA SPAIN, S.A.U.	22.715,00	49,30	3 años	9,38
TELEMOVIL FERROL S.L.	26.966,50	40,04	3 años	9,38

7.- Sumando a puntuación obtida logo da valoración dos criterios dependentes dun xuízo de valor e dos criterios de cuantificación automática mediante a aplicación de fórmulas, obtense o seguinte resultado:

LICITADOR	Puntuación criterios técnicos	Puntuación oferta económica	Puntuación incremento prazo	PUNTUACIÓN
-----------	-------------------------------	-----------------------------	-----------------------------	------------



			garantía	TOTAL
ALGAMAR 2012 SLL	15	50,00	25,00	90,00
INSTALACIONES Y MANTENIMIENTOS MAGAR, SL	17	45,53	25,00	87,53
SONEPAR IBÉRICA SPAIN, S.A.U.	21	49,30	9,38	79,68
TELEMOVIL FERROL S.L.	18	40,04	9,38	67,42

8.- A oferta mellor valorada é a presentada por ALGAMAR 2012, SLL. A mesa comproba no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que esta empresa está debidamente constituída, o asinante da proposición ostenta poder bastante para formular a oferta e posúe a solvencia económica, financeira e técnica e non está incurso en prohibicións para contratar.

9.- A Mesa acorda:

- Requerir, mediante comunicación electrónica, ao licitador mellor valorado para que no prazo de 7 días hábiles a contar desde o envío da comunicación, constituía a garantía definitiva por importe de 1.222,25 € (5% do importe final ofertado, IVE excluído).
- Elevar ao órgano de contratación proposta de adxudicación do contrato denominado “Subministración de Lámpadas Led nos lugares de A Bouza, Purrei, Ardeón e outros” a favor do licitador que presentou a oferta mellor valorada.

• <u>PROPUESTA DE ADJUDICACIÓN</u>	
• Licitador:	• ALGAMAR SLL CIF: B74333485
• Importe:	• 22.392,26 € + 4.702,37 € (IVA) (TOTAL: 27.094,63€)
• Plazo de ejecución:	• 60 días naturais

O día 04.09.2020 requiriuse á empresa proposta para presentar a garantía definitiva polo importe de 1.222,25 €.

Visto que durante o prazo legalmente previsto para presentar a garantía definitiva non se recibiu resposta algunha da empresa ALGAMAR SLL, polo que de acordo co previsto no PCAP na súa cláusula 14.4, procédese a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

Con data 28.09.2020 requiriuse á empresa INSTALACIONES Y MANTENIMIENTOS MAGAR S.L. para presentar a garantía definitiva polo importe de 1.222,25 €. Con data 01.10.2020 presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público a xustificación de ter constituída a garantía definitiva polo importe de 1.222,25 € mediante transferencia bancaria á conta ES1520805196293110000027 do Concello de Cedeira.

Con data 27.10.2020 emitíuse pola Intervención municipal un informe de fiscalización previa ao compromiso do gasto.

Examinada a documentación citada, e de conformidade co establecido no artigo 159 da Lei 9/2017, de 8 de



novembro, de Contratos do Sector Público, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Adxudicar o contrato de “Subministro de lámpadas led nos lugares de A Bouza, Purrei, Ardeón e outros ” por procedemento aberto simplificado coas seguintes condicións:

Licitador:	INSTALACIONES Y MANTENIMIENTOS MAGAR, S.L. CIF: B80299191
Importe:	24.445,00 € + 5.133,45 € (IVA) (TOTAL: 29.578,45 €)
Prazo de execución:	60 días naturais

2.- Dispoñer o gasto con cargo á partida 165/633.00 do presuposto vixente de gastos.

3.- Notificar a adxudicación aos candidatos que non resultaron adxudicatarios.

4.- Notificar á empresa adxudicataria INSTALACIONES Y MANTENIMIENTOS MAGAR S.L. o presente acordo e citala para a sinatura do contrato que se formalizará telematicamente no prazo de quince (15) días hábiles contados a partir do seguinte en que reciba a notificación do presente acordo.

5.- Publicar a adxudicación do contrato de “Subministro de lámpadas led nos lugares de A Bouza, Purrei, Ardeón e outros” na Plataforma de Contratos do Sector Público.

6.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 346 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

7.- Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a porposta nos termos nos que quedou transcrita.>>

E para que conste, e coa salvidade prevista no artigo 206 do R.O.F., expídese a presente certificación de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, D. Pablo Diego Moreda Gil.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

Visto e praxe
O ALCALDE